

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 1097** *Corrección de erros e erratas do Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.*

Advertidos erros e erratas no Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 268, do 4 de novembro de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 12, artigo 5.3, *in fine*, onde di: «.....Ademais, autorízase que a subcontratación alcance o 10% do importe desa actividade para os anos citados no parágrafo anterior.», debe dicir: «.....Ademais, autorízase que a subcontratación alcance o 100% do importe desa actividade para os anos citados no parágrafo anterior.»

Na páxina 19, artigo 17.2, onde di: «2. Considérase gasto realizado o que foi pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. A xustificación dos gastos realizarase no momento da presentación da solicitude e concederase un prazo para a xustificación de quince días.», debe dicir: «2. Considérase gasto realizado o que foi pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. A xustificación dos gastos realizarase no momento da resolución da solicitude e concederase un prazo para a xustificación de quince días.»